

CAMPAMENTO XUVENIL DE FURELOS (MELIDE)

DATOS XERAIS:

Instalación con capacidade para 60 prazas en tendas de campaña, conta con servizos hixiénicos, enfermería, cociña e comedor cuberto. Está situado a carón do Camiño Francés.

ACCESOS: A 1,5 km de Melide na estrada Lugo-Santiago. Entrada polo desvío "Praia Fluvial"

ENDEREZO: CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS, MELIDE (A CORUÑA).

Tfno.: 981 507412

ACTIVIDADES E QUENDAS

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
01-12 xullo	01-02	CONTIDOS: Rutas en bicicleta, marchas, actividades deportivas, xogos tradicionais, orientación, obradoiros no medio da natureza.
17-28 xullo	97-98-99-00	
02-13 agosto	01-02	IMPLÍCA-T Neste campamento participarás activamente, a metade da xornada, en actividades de voluntariado ambiental e de emprendemento práctico e participativo nos sectores produtivos tradicionais, aproveitando os recursos da zona, o que che aportará unha formación en valores. Tamén haberá actividades de lecer.
14-25 agosto	97-98-99-00	

NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.
Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar co equipo de monitores no teléfono **981 507412** de **14.30 a 16.00 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre despois do xantar. O centro conta con cabina telefónica.
- O centro ten atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un "banco" onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos.
- Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
- Na páxina Web www.xuventude.net no apartado de anexos, descargárase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.